


Historia da normativización

**A construción da
variedade
estándar.
Interferencias e
desviacións da
norma.**





- **Que entendemos por variedade estándar?**
 - Variedade lingüística utilizada nas situacións formais, común a todos os falantes e cunhas regras coñecidas (Gramática e Dicionario)
- **Que funcións cumpre a variedade estándar?**
 - Integración: é a forma común a todos os falantes por riba das diferenzas xeográficas e sociais. Favorece a adhesión coa lingua
 - Prestixio: variedade enriquecida nos usos formais. Incide no orgullo do falante coa súa lingua
 - Referencia: o estándar funciona como o modelo correcto de lingua.



Normativa vs. Estándar

- **Normativa**: resultado da fixación dun código da lingua no nivel ortográfico, gramatical e léxico. (proposta técnica sancionada polas institucións políticas competentes).
- **Estándar**: variedade resultante de pór en práctica a normativa. É unha variedade de uso.

Como se escollen as formas do estándar?

- Criterio **cuantitativo** (número de **usuari@s** e extensión xeográfica)
- Prestixio **social** (sociolectos de clases altas)
- Prestixio **literario** (formas empregadas en textos literarios)
- Criterio **político-ideolóxico** (“pureza” da lingua)

Modelos de estandarización:

- Modelo **unitarista** (o estándar corresponde cunha variedade real escollida para tal fin)
- Modelo **composto** (combinación de formas de diferentes variedades)
- Modelo **plural** (varias normas e varios estándares recoñecidos)

FASES FORMACIÓN ESTÁNDAR GALEGO

- **FASES:**

- **Entre a época medieval e o século XIX, mentres outras linguas desenvolvían o seu estándar de xeito pausado, o galego estivo ausente do cultivo literario.**
- **O punto de arranque da formación do galego estándar está no século XIX**



- 1. Popularizante (século XIX)**

- Tómasse como modelo a oralidade, o galego popular
- Mestura de formas pertencentes a diferentes áreas
- Presenza abundante de vulgarismos e castelanismos

- 2. Enxebriante (1900-1936)**

- Exaltación do enxebre, o diferencial.
- Presenza de hiperenxebrismos, arcaísmos e lusismos

- 3. Protoestándar (1936-1970)**

- Depuración de castelanismos e vulgarismos
- simplificación de signos ortográficos

- 4. Estándar (1970-hoxe)**

- *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (RAG e ILG) 1982, revisadas en 2003.*

Normas actuais: criterios

- HISTORICIDADE
 - Formas etimolóxicas ou consagradas pola tradición literaria
- FUNCIONALIDADE INTERLINGUAL
 - Coherencia co resto das linguas románicas, en especial co portugués
- DIASISTEMATICIDADE
 - Atención á extensión xeográfica ou demográfica das formas
 - Busca dun galego supradialectal : identificación dos falantes
 - REGULARIDADE
 - Regularidade dentro do sistema
 - Asentamento na fala e depuración de castelanismos



INTERFERENCIAS E DESVIACIÓNS DO ESTÁNDAR

- QUE SON?
 - INTERFERENCIAS:
fenómeno das linguas en contacto. Unha das linguas sofre deturpacións debido ao influxo da outra
 - DESVIACIÓNS:
formas non coincidentes co estándar
- CAUSAS DAS INTERFERENCIAS
 1. Situación de contacto e conflito lingüístico
 2. Semellanza estrutural entre galego e castelán
 3. Ausencia histórica dun modelo de galego estándar



OS CASTELANISMOS

- ORTOGRÁFICOS

- B/V; H

- FONÉTICOS

- Indistinción vogais abertas/pechadas
- Pronuncia –N velar
- Sílabas tónicas

- MORFOLÓXICOS

- Alteracións xénero substantivo
- Formas verbais: tempos compostos

- SINTÁCTICOS

- Colocación pronome átono
- Uso de *A na perífrase IR+infinitivo
- Uso reflexivo de verbos con CD expreso

- LÉXICOS

- Restrición de significado da forma galega: **billa**
- Castelanismo léxico adaptado foneticamente: ***carreteira**, ***conexo**
- Castelanismo pleno: ***acera**, ***calle**

- SEMÁNTICOS

- Dáse a unha palabra galega o significado que ten en castelán: pobo, roxo, soño....

HIPERGALEGUISMOS, VULGARISMOS, ARCAÍSMOS

- **HIPERGALEGUISMOS:** FALSAS EVOLUCIÓNS POR AFÁN DIFERENCIALISTA: *OFICIÑA, *PRIMAVEIRA, *SOBRESAÍNTE
- **VULGARISMOS:** ALTERACIÓNS PROPIAS DUN USO ORAL NON COIDADO: *TELÉFANO, *PROBE, *MULLERE, *ALUNO
- **ARCAÍSMOS:** VOCES TOMADAS DOS TEXTOS MEDIEVAIS POR VÍA CULTA: *CAPÍDUO, *FALESCER, *CIBDADE



Desviacións da norma culta I: vulgarismos

- Vocalismo:

- Alteracións do vocalismo:

por adición : **Prótese** (arrodear*, arradio*)

Epéntese (aldeia*, soio*)

Paragoxe (comere*, mullere*)

por supresión: **Aférese** (certar*, inda*)

Síncopa (espranza*, esprito*)

Apócope (virtú*, libertá*)

- Alteración no timbre das vogais

disimilación ou labialización (menistro*)

asimilación ou harmonización (vnidimar*)

- Consonantismo:

- **Metátase** (cambio de posición): nónima*, cocreta*

- **Disimilación** e **asimilación** (almóndiga*)

- Vocalización de **grupos cultos**: vocalización (prospeuto*) e pronuncia como interdental (práztica*)